

ALBERTO CERNADAS

CRDNS, MÚSICO

"Para min a creación musical é unha das formas de expresión nas que máis cómodo me sinto, é catártico, pero sobre todo é un oficio. Non comparto a visión romántica da creación artística".

"Actualmente estou a preparar o lanzamento do meu primeiro álbum desde Lindisfarne, un selo discográfico que dirixo desde Santiago".



Nacín no materno da Coruña o 30 de setembro de 1992, son Libra. Vivín en Catro Camiños e estudei no IES Fernando Wirtz. De adolescente toquei moito na casa e aprendín a producir música de xeito autodidacta, e tamén intentei proxectos de grupos coas miñas amigas do instituto. Un deses grupos prolongouse até a carreira e chegamos a gravar un cd ao rematar a universidade (Blue Joy). Co meu amigo Álvaro Chior (co que montamos esa banda) inda sigo traballando na actualidade. Fai pouco fixemos a música para un filme e leva a imaxe de Lindisfarne, o meu selo discográfico.

Desde neno gustábame a música en xeral, pero non a clásica, así é que entrei no conservatorio por recomendación da miña profesora de música do colexio, pero non sabía ben o que estaba a facer. Cando tiven que escoller por onde tirar nos meus estudos sabía que quería marchar da Coruña, e escoitei que na ESMUC (Escola Superior de Música de Catalunya) había jazz e flamenco, e nese momento molábame iso. Así que collín un avión e fun facer as probas. Pero antes tivera que traballar moito o grao medio para intentar entrar nun superior por aí fóra. A cousa é que no conservatorio aprendera unha maneira moi sesgada de entender a música (só guitarra clásica) e eu quería saber moitas outras cousas, ás que tiven que chegar pola miña conta.

Xa na Escola Superior de Música de Catalunya foi outra cousa, coñecín xente moi guai que facía músicas moi diferentes e comecei a interesarme pola música electrónica e a tradicional de Galicia. Ía a clase con Cibrán Seixo, co que despois traballei nun montón de producións. Con el vivín unha inmersión na música "tradi" e foi a través del que coñecín a Fran Barcia, que é a persoa que eu coñezo que máis sabe de música de Galicia.

REFERENTES MUSICAIS



Francy González, Arca e Thom Yorke

PETISCOS PARA RECOMENDAR

- UN FILME: Holy Motors
- UN LIBRO: Atrapa el pez dorado de David Lynch
- UNHA SERIE: Twin Peaks
- UNHA CANCIÓN: Bibo no aozora, o tema que fixo Ryuichi Sakamoto para Babel.
- UN LUGAR: Boimir, a aldea onde naceu miña nai.
- UNHA INQUEDANZA: Teño moitas ganas de traballar coa imaxe
- UNHA COMIDA: Lasaña
- UN DESEXO: Poder vivir normal do meu traballo
- UN PECADO: O licor café de miña avoa

